

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA, SÓLIDA - ASOCIACIÓN DE COOPERACION AO DESENVOLVEMENTO E SOLIDARIEDADE GALEGA, PARA O FORTALECIMENTO DO ENFOQUE DE PROTECCIÓN INTEGRAL FEMINISTA PARA DEFENSORAS DE DEREITOS HUMANOS EN MESOAMÉRICA

Santiago de Compostela, 30 de setembro de 2019

COMPARECEN



Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

E doutra parte,



Carolina Campos Álvarez, con DNI 34898812S, en calidade de presidenta de SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA con NIF G36833648 e con capacidade legal para asinar convenios, segundo consta nos estatutos da entidade.

José Manuel Pérez Otero, con DNI 33254195J, en calidade de presidente de SÓLIDA, ASOCIACIÓN DE COOPERACION AO DESENVOLVEMENTO con NIF G70300066 e con capacidade legal para asinar convenios, segundo consta nos estatutos da entidade.



Enrique Rodríguez Álvarez, con DNI 34548589J, en calidade de presidente de SOLIDARIEDADE GALEGA con NIF G15589500 e con capacidade legal para asinar convenios.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos,

EXPOÑEN



Primeiro.- Que a Xunta de Galicia, de acordo co exercicio das súas competencias e funcións en materia de cooperación exterior, debe impulsar e promover a participación social

e cívica nas accións de cooperación ao desenvolvemento mediante a realización ou financiamento de accións de concienciación, sensibilización e formación sobre a conexión existente entre as dinámicas locais e as desigualdades internacionais e a loita contra a pobreza, así como fortalecer o tecido galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento, e fomentar a creación de redes de traballo conxunto, evitando a dispersión e aumentando a coordinación e concentración de esforzos.

Segundo.- Que a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento establece, como ámbito de actuación preferente da cooperación galega, apoiar aos países con menor grao de desenvolvemento, en especial aqueles que conteñan amplas capas da súa sociedade en extrema situación de necesidade, potenciar os recursos humanos e materiais deses pobos e atender as situacións de emerxencia das poboacións máis desfavorecidas.

Terceiro.- Que o IV Plan director da cooperación galega establece, como ámbito estratéxico, o de promover o exercicio dos dereitos sociais básicos, entre os que se atopa impulsar a equidade de xénero e o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia e, no seu apartado 4.1, as prioridades xeográficas, entre as que se atopan varios países de América Central.

Cuarto.- Que a Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, alude ás ONGD, como entidades con especial dedicación a actividades de solidariedade da sociedade galega cos pobos máis desfavorecidos, constituíndose como interlocutores permanentes da Xunta de Galicia nesta materia.

Quinto.- Que as tres entidades son ONGD galegas que levan traballando conxuntamente fai máis dunha década; vínculo que se fortaleceu nos últimos anos coa posta en marcha de varios proxectos de cooperación internacional en Nicaragua financiados pola Xunta de Galicia. Nicaragua é país prioritario para a cooperación galega desde o I Plan director. O proxecto obxecto do convenio enmárcase dentro dos ámbitos estratéxicos "construír unha cidadanía comprometida coa transformación social, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable" e "impulsar a equidade de xénero e o empoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia", establecidos no IV Plan director 2018-2021. Así mesmo, a poboación destinataria, mulleres, é un dos colectivos prioritarios deste Plan.

Sexto.- Que estas tres entidades teñen previsto a realización do proxecto "Fortalecemento do enfoque de protección integral feminista para defensoras de dereitos humanos en Mesoamérica", en colaboración con Iniciativa Mesoamericana de Mujeres Defensoras de

Derechos Humanos (IM-defensoras), que ten como finalidade última a promoción da defensa dos dereitos humanos en Mesoamérica, para que as mulleres defensoras poidan realizar a súa labor de defensoría en condicións seguras, con especial atención á situación de vulnerabilidade das mulleres defensoras nicaraguanas.

Sétimo.- Que a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, órgano superior da Administración autonómica da cooperación ao desenvolvemento consonte o establecido no artigo 34 do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde a execución da actividade europea e a actividade exterior da Xunta de Galicia e, en particular, o impulso da acción de cooperación ao desenvolvemento.

Oitavo.- Que a especificidade das actividades obxecto do proxecto son de claro interese público, por canto en Mesoamérica a discriminación contra as mulleres está profundamente arraigada na sociedade e é unha das rexións onde as mulleres enfrontan maiores riscos e elevados índices de violencia social e en particular de violencia feminicida, ademais de frecuentes agresións ás defensoras de dereitos. Estas actividades, aínda que dirixidas a un grupo de poboación específico, inciden directamente no ámbito da cidadanía en xeral por canto engaden un factor multiplicador na prevención da exclusión social e da xeneralización da discriminación e a violencia contra a muller, e xustifican que a axuda solicitada se tramite por medio dunha concesión directa a través da formalización dun convenio de colaboración.

Noveno.- Que, en base ao anteriormente exposto, acordan asinar o presente documento que se desenvolverá de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Finalidade e obxectivos

O presente acordo ten a finalidade de establecer o marco de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e as tres entidades asinantes para a execución do proxecto "protección integral feminista para defensoras de dereitos humanos en Mesoamérica", que ten como finalidade última a promoción da defensa dos dereitos humanos en Mesoamérica para que as mulleres defensoras poidan realizar a súa labor de defensoría en condicións seguras, con especial atención á situación de vulnerabilidade das mulleres defensoras nicaraguanas.

SEGUNDA.- Obxecto

Para a consecución deste obxectivo realizaranse as seguintes actividades, co detalle establecido no anexo que acompaña ao presente convenio:

- Desenvolvemento de talleres/espazos de reflexión e intercambio a nivel rexional.
- Abrir unha estancia de sanación en casa LA SERENA, para defensoras que realizan os procesos de rexistro de agresións en Mesoamérica.
- Presenza en espazos internacionais ante autoridades con mandato de protección para que se adopten a nivel internacional e nacional as recomendacións da Resolución de Defensoras.
- Campaña de solidariedade para defensoras e presas políticas nicaraguanas mediante comunicacións, alertas a defensoras e denuncias específicas.

TERCEIRA.- Información

As entidades asinantes comprométense a achegar información continua sobre as circunstancias ou novidades e avances na execución do presente convenio, respondendo de forma inmediata ante calquera aclaración ou ampliación de información que se lle requira.

No caso de que algunha das actividades avanzadas non fose compatible coas políticas públicas e principios xerais postulados pola Comunidade Autónoma de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza poderá esixir a non imputación dos seus recursos financeiros a tal actividade.

CUARTA.- Obrigacións das entidades asinantes.

Para garantir a operatividade deste convenio, as tres entidades participantes teñen asinado con data 10 de maio de 2019 un acordo de colaboración no que fan constar que, a efectos de notificacións, comunicacións, pagamentos e presentación de informes, será Solidariedade Internacional de Galicia quen asuma o liderado ante a Xunta de Galicia, sendo o resto de entidades asinantes responsables solidarias ante ela.

Especificamente, as tres entidades asinantes comprométense e obrigan a:

1. Executar e/ou acompañar o conxunto das accións necesarias para a súa consecución, mediante a realización das actuacións que ambas as partes acorden entre si, conforme ao establecido no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Destinar os fondos percibidos para financiar esa actuación.
3. Aportar como mínimo 1.534,00 € para a realización do proxecto e a recabar da contraparte ou socio local 9.351,60 €, en concepto de contribución ao proxecto.
4. Consentir expresamente a publicación da axuda concedida no Diario Oficial de Galicia, na páxina web oficial e nos rexistros públicos, de acordo co establecido no artigo 15, da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno; no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia; no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006; e no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. De acordo co disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, comprométense a dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións obxecto do convenio, o cumprimento de todas as condicións e obrigacións recollidas no mesmo e o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.
6. Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.
7. Conservar todos os comprobantes de gasto durante un período de 4 anos, coa excepción dos casos suficientemente xustificadas e autorizados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.
8. Estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro. A entidade, conforme ao establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, autoriza ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban remitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.
9. Velar porque tanto os restantes partícipes como a cidadanía con ela relacionada teñan coñecemento do financiamento desembolsado pola Xunta de Galicia e do apoio desta á acción humanitaria.
10. Solicitar autorización previa e expresa para calquera modificación substancial do proxecto, entendendo por tal aquela que afecte aos obxectivos, resultados, prazo de execución ou variación do custo total do proxecto ou das partidas orzamentarias en máis dun 20% do inicialmente aprobado. As solicitudes de modificacións substanciais do convenio deberán estar suficientemente motivadas e ser formuladas por escrito dirixido ao

director xeral de Relacións Exteriores e coa UE, que resolverá e notificará no prazo dun mes sobre a súa autorización ou denegación.

QUINTA.- Obrigações da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza financiará o proxecto cunha contía total de sesenta mil euros (60.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, ou de calquera outra natureza, entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto deste convenio coa Xunta de Galicia, de tal maneira que por este concepto non se poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria.

SEXTA.- Pagamentos e anticipos

Tras a firma do presente convenio e previa petición por parte de Solidariedade Internacional de Galicia conforme ao establecido no acordo de colaboración asinado con data 10 de maio de 2019 entre as entidades participantes, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, tendo en conta o seu carácter sen ánimo de lucro concederá un anticipo pola contía máxima da anualidade 2019, de acordo co previsto na disposición adicional segunda da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para afrontar os pagos inmediatos que leva a execución deste proxecto.

Coa solicitude do anticipo deberá presentar, por cada unha das entidades asinantes, a seguinte documentación:

- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Xustificación de estar ao corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e fronte á Seguridade Social española e non ter pendente de pago ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, nin ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, de acordo co establecido no artigo 22.1, do Real Decreto

887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SÉTIMA.- Xustificación

A xustificación da execución das actividades do proxecto se efectuará por parte de Solidariedade Internacional de Galicia no prazo de tres meses desde a finalización do proxecto, con data límite o 31 de marzo de 2020.

A xustificación final do destino dos fondos entregados revestirá a modalidade de conta xustificativa con entrega de xustificantes de gasto, de conformidade co establecido nos artigos 28 da Lei 9/2007 e 48 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Solidariedade Internacional de Galicia deberán presentar un informe que constará de dúas partes:

1ª parte: xustificación técnica, que incluírá:

- Un informe final sobre o realizado.
- Certificación acreditativa do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención e da aplicación dos fondos á finalidade destinada, asinada polo representante legal da entidade.

2ª parte: xustificación económica, que incluírá:

- Certificación dos gastos do proxecto por partidas orzamentarias e na que se indique as distintas fontes de financiamento, asinada polo representante legal da entidade.
- Declaración do conxunto das axudas recibidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, de acordo co establecido nos artigos 11 letra d) da citada Lei 9/2007 e 22 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Relación de todos os gastos realizados, con indicación do emisor da factura ou do documento xustificativo do gasto, data de emisión da mesma, así como a data e modalidade de pagamento en moeda local e o seu equivalente en euros.
- Facturas e outros documentos xustificativos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior.

Os fondos faranse chegar por transferencia bancaria á conta corrente que Solidariedade Internacional de Galicia indique, non asumindo á Xunta de Galicia o risco de flutuación no tipo de cambio oficial nin os gastos bancarios que tiveran lugar por ese motivo, dando a orde de transferencia en euros.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións e, en todo caso, a obtención concorrente de axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Esta subvención será compatible con calquera outra procedente doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados para a mesma finalidade.

Os rendementos financeiros que fosen xerados polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente ás actividades subvencionadas.

OITAVA.- Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería, a través dos seus servizos técnicos, reservarase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

NOVENA.- Publicidade

As entidades asinantes obríganse a incorporar de forma visible en todas as accións derivadas das actividades subvencionadas (placas, letreiros, carteis, publicacións, material de difusión, publicidade e outros medios análogos) os logotipos oficiais da Xunta de Galicia e da Cooperación Galega, todo iso en formato duradeiro e material resistente para a debida difusión da orixe da subvención. Cando as organizacións financiadas exhiban o seu propio logotipo, o da Xunta de Galicia e o da Cooperación Galega deberán figurar co mesmo tamaño e con iguais condicións de seguridade. Os logotipos serán facilitados pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE.

DÉCIMA.- Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio constituirase unha Comisión Mixta, integrada por un representante da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, designado pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, e un representante das entidades asinantes.

A Comisión Mixta ditará a súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Calquera outra relacionada co desenvolvemento do presente convenio.

UNDÉCIMA.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos para fins distintos dos que motivaron a concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute o investimento obxecto da subvención.
- d) Pola desistencia dalgunha das partes asinantes.

De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería poderá, no seu caso, esixir o reintegro das cantidades abonadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no caso de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

DUODÉCIMA.- Vixencia do convenio

O presente convenio manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019, incluíndo as actuacións iniciadas desde o mes de maio de 2019, conforme ao establecido nos artigos 2, apartado 1.b) da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, e 2.2.b do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo da execución anticipada e conforme, a plena satisfacción, dos gastos cofinanciados pola achega da Xunta de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA.- Natureza do convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas no prazo dun mes, previo informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa, nos termos establecidos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO CUARTA.- Portal da Transparencia

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas nel, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións

DÉCIMO QUINTA.- Reintegro por incumprimento

Se a entidade beneficiaria incorrese en falsidade ou ocultación de datos ou non acreditase, total ou parcialmente, o bo fin das cantidades percibidas, deberá proceder ao reintegro da totalidade das mesmas en caso de incumprimento pleno, ou da parte proporcional en caso dunha falta parcial de xustificación, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades administrativas e penais que procedan.

Así mesmo, a entidade beneficiaria deberá reintegrar a subvención nos demais supostos previstos na normativa de aplicación.

DÉCIMO SEXTA.- Normativa aplicable

O presente convenio rexerase polo disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 2/2018, do 26 de decembro, de orzamento xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019; no Decreto 29/2017 do 9 de marzo, de cooperación para o desenvolvemento e demais normativa que sexa de aplicación.

E, en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase, por cuadruplicado exemplar, polas partes comparecentes no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
P.D do 27 de setembro de 2019
O director xeral de Relacións Exteriores e coa UE



Jesús Gamallo Aller

POR SOLIDARIEDADE
INTERNACIONAL DE
GALICIA

POR SÓLIDA, ASOCIACIÓN
DE COOPERACIÓN AO
DESENVOLVEMENTO

POR SOLIDARIEDADE
GALEGA



Carolina Campos Álvarez



José Manuel Pérez Otero



Enrique Rodríguez Álvarez

ANEXO

1.- OBXECTIVOS

Obxectivo xeral: Promoción da defensa dos dereitos humanos en Mesoamérica, para que as mulleres defensoras poidan realizar a súa labor de defensoría en condicións seguras, con especial atención á situación de vulnerabilidade das mulleres defensoras nicaraguanas.

Obxectivo específico: Incrementar a capacidade individual e colectiva de resposta e protección ás defensoras de dereitos humanos en risco, que enfrontan ameazas ou agresións nos cinco países da rexión mesoamericana, desde un enfoque de Protección Integral Feminista, que potencie o seu benestar e sosteña a súa labor en condicións de seguridade física, dixital e de autocoidado, coidado colectivo e sanación.

2.- RESULTADOS

Resultado 1: Posibilitados espazos de protección, sanación, reflexión e formación con defensoras de dereitos humanos dando continuidade e profundizando o fortalecemento de capacidades, criterios, estándares e protocolos comúns e adecuados nas redes nacionais e nas instancias da IM-Defensoras.

Resultado 2: Fortalecidos os esforzos de incidencia para o caso de Nicaragua e outros contextos da rexión.

3.- FINANCIAMENTO

Partidas orzamentarias	Xunta de Galicia	Entidades solicitantes	Contraparte local
Gastos de persoal	9.760,00 €	1.024,00 €	2.476,00 €
Gastos en viaxes e aloxamento	24.512,50 €	0,00 €	2.232,00 €
Gastos correntes	25.727,50 €	510,00 €	4.643,60 €
TOTAL	60.000,00 €	1.534,00 €	9.351,60 €